

Recuperar os usos tradicionais da agricultura e as especies autóctonas, claves de UUAA para devolverlle ó campo os 36.000 habitantes perdidos nunha década e outorgarlles vida ás 500.000 hectáreas abandonadas

Fomentar a biodiversidade para manter o agro e a poboación rural

REBECA FERNÁNDEZ

"Resulta imprescindible seguir mantendo a vida no rural". Con esta premisa, o sindicato Unións Agrarias (UUAA) vai poñer en marcha nos próximos meses o proxecto *Estratexias para a xestión e conservación da agrobiodiversidade galega*, presentado onte en Santiago. Este programa pioneiro en Galicia pretende valorizar a un tempo o patrimonio agrario galego e promover a conservación da agrobiodiversidade perdida tras a intensificación das explotacións agrícolas potenciada pola Política Agraria Común (PAC) da UE, o cambio climático e unha das principais lacras do rural: a migración campo-cidade e o conseguinte descenso de poboación que provoca a desertización do campo.

De feito, segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), as comarcas eminentemente rurais perderon entre 1998 e o 2005 ó redor de 36.000 habitantes, unha situación que afecta sobre todo a Lugo e Ourense. Esta perda de poboación provoca o abandono das terras, que se volven improdutivas. De acordo cos datos facilitados por Medio Rural, a superficie agraria galega ocupa un 36% do total, ó redor dun millón de hectáreas, das que a metade están abandonadas.

"Desaparición dos hábitats e ecosistemas naturais, desertización do chan e extinción de especies

Van promocionarse as actividades máis respectuosas co medio

autóctonas son as principais consecuencias desta perda da agrobiodiversidade galega", explica Pilar Campos, responsable do proxecto. Por iso, UUAA promoverá a recuperación de usos tradicionais e de variedades autóctonas de especies vexetais e animais, combatendo a uniformización á que levaron as prácticas intensivas. A difusión da agricultura ecolóxica e da integrada, así como a promoción de prácticas agroambientais respectuosas co contorno, constitúen os alicerces deste proxecto, que conta co apoio da Fundación Biodiversidad e do Fondo Social Europeo.

A vaca cachena, o porco celta, a galiña de Mos e especies silvestres serán algunhas das especies que, a través de guías, cursos e manuais, van promoverse entre os profesionais do agro. "Estamos falando de produtos de gran valor, cálidos en desuso nos últimos anos, pero que temos que recuperar", explica



As explotacións dedicadas á agricultura ecolóxica sufriron un incremento moi notable nos últimos anos

EN PRIMEIRA PERSOA

Charo Sánchez Parga: "A ecolóxica é o futuro"

"Para que o agro siga vivo, a única vía posible é a ecolóxica". Son palabras de Charo Sánchez Parga, presidenta da asociación 'O grelo verde' e copropietaria, xunto co seu marido, dunha explotación de oito hectáreas na parroquia de Laza (comarca de Monterrei), adicada á agricultura ecolóxica.

Charo ve nesta forma de agricultura sustentable a vía de futuro do noso campo ante os continuos escándalos e falta de seguridade alimentaria que, segundo ela, está a provocar "este sistema capitalista e globalizado que se impuxo no mundo do agro". Para esta agricultora, o seu labor non se reduce unicamente á produción de alimentos. "Estamos levando produtos ó mercado pero

támén mantemos o medio, mantemos a cultura e as tradicións propias do país e axudamos a que exista menos contaminación. Somos uns auténticos xardineiros da natureza", explica.

A pesar de todos estes beneficios, cre que falta un traballo de concienciación de cara ó consumidor que vaia máis alá de etiquetas. "É preciso fomentar o trato directo para trasladarlle o sentimento de confianza ós usuarios. Os nosos produtos son moi beneficiosos pero esa idea hai que trasladala da forma máis axeitada", engade. Por último, Charo di que é preciso **potenciar estas explotacións, marxinalas ata o de agora, un compromiso do sindicato ó que pertence, o SLG.**

Campos. A produción integrada e a ecolóxica, como dúas formas de agricultura máis respectuosas co medio, será o outro dos elementos a desenvolver dende o sindicato. De feito, este é un dos sectores agrarios que está a experimentar un incremento considerable. Segundo o presidente do Consello Regulador

Analizaranse os malos usos para evitar os impactos nos ríos

de Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), Gabino Vázquez, a nosa comunidade conta cunhas 10.000 hectáreas dedicadas a este tipo de produción, centradas especialmente no leite e a carne de vacún.

O proxecto encargarase tamén de elaborar un estudo para determinar a calidade fisicoquímica e biolóxica das augas do río Ulla. O seu obxectivo é determinar os posibles impactos da actividade agraria sobre as augas do río coa finalidade de desenvolver a *posteriori* unha estratexia de actuación e de concienciación para minimizar posibles impactos que se poidan derivar de prácticas como o abonado das terras ou o uso de fertilizantes.

"Os agricultores e gandeiros non son meros produtores. Son os coidadores do medio. Máis alá de ser un sector económico, coidan a paisaxe, alimentan a biodiversidade e contribúen a manter vivos os nosos ecosistemas", asegura Pilar Campos, quen ve unha falta de concienciación por parte da sociedade sobre este papel "tan determinante" da xente do campo. ●

■ NUN CLIC

Utópico e factible

REBECA FERNÁNDEZ

O futuro. Nun mundo onde cada vez é máis difícil mercar (ou mesmo augar) un piso, coas cidades cunhas índices de contaminación polas nubes, co tempo como o ben

máis prezado e unha alimentación baseada na comida lixo, a recuperación dos usos máis tradicionais da nosa cultura soa tan utópico como **factible**. A volta ó cultivo **respectuoso** co medio, ás especies de **sempre**, ás paisaxes verdes, ós ríos **limpos** e un traballo rico e **sustentable** quizais sexa a nosa mellor **aposta**. ●